

## SUMAR LEVANDO

No sé qué pasa aquí, yo no puedo entenderlo  
de repente todo el mundo habla en gallego  
y no es que me importe, que yo también puedo,  
pero me parece una involución.

Pois se tamén podes por que non te apuntas  
Para sumar máis como facemos nós,  
nesta nova etapa, unha nova era,  
xuntamos modernidade e tradición.

Isto de sumar levando non é novo  
e entre todos imos facelo moi ben.  
Temos que apreciar o que coñecemos  
e engadir o que aprendemos.

**Non penses que non podes,  
iso é unha teimosía,  
escóitalo na casa e na escola  
dende sempre... toda a túa vida.**

Polo que vexo o teu perfil é estraño  
e do teu estado non quero falar,  
pero tes o muro moi desatendido  
e en gallego hache de quedar xenial.  
E ti que presumes de estar conectado,  
aquí levás outra notificación,  
que a túa lingua estache de moda,  
así que vai facendo unha actualización.

Envía SMS ou correos  
e comunícate polo WhatsApp,  
se chateas faino sempre en gallego,  
mesmo se é polo Skype.

**Non penses que non podes,  
iso é unha teimosía,  
escóitalo na casa e na escola  
dende sempre... toda a túa vida.**

Somos fillos e fillas de mariñeiros,  
por iso nos gusta a navegacioooooón,  
a todas horas, en Internet estamos,  
pero sempre... Buscando informacioóón!

Se queres xogar connosco a este xogo,  
o único mando será a túa voz,  
en gallego acadamos novos mundos  
para a imaxinación.

**Non penses que non podes,  
iso é unha teimosía,  
escóitalo na casa e na escola  
dende sempre... toda a túa vida.**

Ooooooh, si.

Suma o que xa sabes co que máis che gusta  
facer a ti

Ooooooh, si

Suma o que xa sabes co que máis che gusta  
Facer a ti.

Sumar Levando

IES Mestre Landín